



**1. EMPRAZAMENTO**




**DATOS XERAIS**

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ría de Muros e Noia. Municipio: Muros. Parroquias: Santiago de Tal, ao oeste, e Santa Mariña de Esteiro ao leste. Extensión: 3,5 km<sup>2</sup>.

## 2. CARACTERIZACIÓN

### ELEMENTOS NATURAIS



#### AS FORMAS DO RELEVO

A unidade dispónse sobre unha superficie lixeiramente aplanada e inclinada, no termo dunha aliñación montañosa de dirección norte - sur. A predominancia de materiais graníticos no substrato confírelle unha morfoloxía recortada e rochosa á liña costeira, na que as enseadas ocupadas por praias, adoitan coincidir coa aparición puntual de materiais máis doadamente erosionables, como os xistos.

#### AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Unidade pertencente ao Dominio herciniano, desenvolvéndose un granito de dúas micas de gran medio a grosso con orientación por deformación, cofecido como Tipo Barbanza. En todo caso existen varios enclaves de xistos no sudoeste, norte e nordeste da unidade, con niveis de cuarzitas, en orientación NNO. -SSE., pertencentes ao Dominio Migmatítico e das Rochas Graníticas, Grupo de Laxe, de idade precámbrico-silúrica. Nas puntas do Coído e Pincelo, aparecen diques de microgranito. O Cuaternario só conta cos depósitos areosos intermareais da fronte costeira.

#### A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Costa de clima homoxéneo caracterizada por precipitacións acumuladas entre 1200 mm e 1400 mm anuais, temperatura media superior a 15° C e amplitude térmica media que varía entre 12,5°C e 13,5°C durante o ano.

#### OS SOLOS

Cambisoles dísticos na parte baixa da vertente e no sector aplanado da fachada costeira, quedando as ladeiras e a cabeceira da unidade ocupadas na súa maior parte por solos pobres de escaso desenvolvemento do tipo umbrisol dístico, regosol e onde aflora o substrato granítico en superficie leptosoles líticos.


#### AS AUGAS

Trátase dunha costa típica de ladeira que presenta zonas de pouca pendente sobre as que se reúnen as augas de escorrentía formando pequenos arrosos. Estes utilizan as liñas de debilidade do relevo no seu discorrer cara ao mar, presentando as súas desembocaduras nas numerosas praias e enseadas da unidade. A masa de Augas Costeiras que baña este tramo costeiro é o 20174, correspondente á Ría de Muros e Noia.

#### O PATRIMONIO NATURAL

Costa mixta que combina pequenos areais con acantilados baixos, plataformas rochosas e praias de coiros. Esténdense os hábitats 1230, de acantilados mariños atlánticos e 1210, de vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados. En Cabanas hai un pequeno sector dunar moi degradado (dunas atlánticas, grupo 21). A chaira costeira conta con pequenas masa ripícolas (91 E 0) en alvéolos e valgadas, como en Tal de Arriba, Tal de Abaixo, Casas da Pendente e A Formilla. Ao norte de Tal de Arriba, existe unha área degradada de frondosas derivadas de antigas masas máis extensas dos hábitats 9230, bosques galaico-portugueses de Quercus robur e Quercus pyrenaica, e 9260, Bosques de Castanea sativa. As ladeiras e cumes están moi ocupadas por eucaliptais, pero conservan zonas con ambientes do grupo 82, pendentes rochosas con vexetación casmofítica e de matogueira, principalmente a breixeira seca europea (4030). Nalgúns sectores da chaira litoral aparece unha breixeira seca costeira atlántica de Erica vagans (4040) degradada.

### ELEMENTOS ANTRÓPICOS



#### USOS DO SOLO

Nesta unidade danse lugar os usos característicos da comarca, nas zonas montañosas predomina a masa forestal. Ao pé destas ladeiras de suave relevo aséntanse os núcleos rurais que se relacionan co atomizado parcelario destinado a labradío, estes núcleos perden densidade a medida que nos achegamos á franxa costeira. Aquí alternanse pequenas masas de arboredo e matogueira co parcelario agrícola. O carácter mariñeiro da unidade mantense grazas ao porto de Esteiro, peiraos e embarcadoiros tradicionais repartidos por toda a liña costeira, así como a industria relacionada con estas infraestruturas e a explotación dos bancos marisqueiros. Este feito queda demostrado coa presenza da fábrica conserveira Calvo, ou a posible implantación dunha piscifactoría en Tal. As numerosas praias repartidas polo litoral ofrecen o maior atractivo dende o punto de vista turístico.

#### MORFOLOXÍA

O carácter rural vén reflectido nos núcleos de Trasadacosta, Tal de Arriba, Tal de Abaixo, estes último NIL. A estrada AC-550 que atravesa a unidade de leste a oeste propiciou o desenvolvemento dos asentamentos espontáneos que de forma lineal se sitúan nas súas marxes. A morfoloxía predominante constitúena vivendas unifamiliares exentas, compostas de baixo e planta, aínda que con gran variedade nas características estéticas de cada edificación e os seus elementos construtivos. As abundantes praias neste ámbito rural favoreceron a presenza dalgúns chalés concentrados ou illados na fachada costeira máis relacionados co uso residencial orientado ao turismo.

#### INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A estrada AC-550 que atravesa a unidade é o eixe principal da comarca. A rede secundaria concéntrase entre os núcleos rurais existentes, outras estradas e camiños rurais parten da principal para dar acceso á costa. O porto de Esteiro e o de praia Cabanas relacionados co sector pesqueiro e co marisqueo permiten o uso de pequenas embarcacións tanto de recreo como de uso pesqueiro.

#### PATRIMONIO HISTÓRICO


O patrimonio cultural sitúase principalmente entre os núcleos da parroquia de Tal, constituído por elementos construtivos da arquitectura tradicional civil e relixiosa: o cruceiro, a igrexa e a casa reitoral de Santiago de Tal. A arquitectura industrial tamén ten a súa representación na antiga fábrica conserveira en Creo, o pequeno porto de praia Cabanas e a antiga carpintaría de ribeira na praia de Salgueiros. Respecto ao patrimonio arqueolóxico destacan os petroglifos de Chan do Castro e o de Trasadacosta e os castros do Cotriño e Punta Castríño. O 25 de xullo celébranse as festas en honra a Santiago de Tal.



**O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL**

Sobre unha topografía suave aséntanse os núcleos rurais, que en combinación cos portos de Esteiro e da praia de Cabanas dan a esta unidade o sinal de identidade da comarca, baseada na pesca e o marisqueo. As súas numerosas praias dótana ademais dun alto potencial dende o punto de vista turístico. Este carácter tradicional mantense grazas á escasa ocupación humana na fachada costeira.

**DINÁMICA DA PAISAXE**



**RISCOS E IMPACTOS**

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

**3. AVALIACIÓN**

**VALORACIÓN DA PAISAXE**

A franxa costeira alterna pequenas praias con acantilados rochosos e numerosos promontorios que ofrecen amplas panorámicas da ría de Muros, destaca a illa de Santa Catalina como un enclave singular e a Punta Cancelada que ofrece resguardo ao porto tradicional de Cabanas, que xunto ao porto de Esteiro incorporan a identidade propia das poboacións da comarca vinculadas ao sector pesqueiro. A paisaxe rural adáptase á fisiografía aplanada do relevo, permitindo excelentes visións da ría de Muros dende as cotas máis elevadas como no Torviscón ou de toda a fachada costeira aproveitando o saliente que conforma o illote de Santa Catalina. A relativa estabilidade da ocupación da franxa costeira proporciona un carácter natural a esta paisaxe pouco humanizada. O patrimonio cultural que se mantén nos seus núcleos tradicionais, a conservación das antigas industrias vinculadas co sector pesqueiro e as súas praias ofrecen un alto valor engadido á unidade. Cabe destacar a antiga carpintaría de ribeira sobre a praia de Salgueiros, este elemento construtivo conserva o carácter tradicional e adáptase coa paisaxe costeira entre a praia e os baixos acantilados rochosos, proporcionando á unidade un enclave único e de singular beleza.





## 4. PLANIFICACIÓN

### OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

### Lenda / Leyenda

#### Usos do solo / Usos del suelo

- |   |  |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais                                |  Matogueiras / Matorrales   |
|  Marismas / Marismas   |  Cultivos e prados / Cultivos y prados                              |
|  Praias / Playas   |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas   |  Viñedos / Viñedos  |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros                  |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico                   |
|  Cantis / Acantilados  |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación                  |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera                                    |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas            |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos                                     |  Outras masas de auga / Otras masas de agua                         |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera                                      |  Canteira / Cantera   |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos   |  Artificial / Artificial  |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización                       |  |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo |  |

#### Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

#### Hidrografía / Hidrografía

#### Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

#### Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

#### Batimetría / Batimetría

- |   |   |  |   |   |
|---|---|--|---|---|
|  0 m   |  -20 m |  -100 m |  -500 m  |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

#### Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

#### Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

#### Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

#### Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29  
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29





